# algo más de color

## Terapia habitación de hospital

sen marco [ ]
asociacion cultural

Scanned with CamScanner

sen marco asociacion cultural

# algo más de color
# Terapia habitación de hospital

1

## Área de lactantes
Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela

Centro Galego de Arte Contemporánea
Fausto Deseño Asociados
Fundación Andrea
Servizo Galego de Saúde

Scanned with CamScanner

# índice


**0.** Microutopía
Microutopía 11

**1.** Introducción
Introdución 13

**2.** Terapia Habitación de Hospital
Terapia Habitación de Hospital 15

2.1. Presentación
Presentación 15

2.2. Materiales
Materiais 17

2.3. Proceso de aplicación
Proceso de aplicación 18

2.4. Método documental
Método documental 24

2.5. Resultados
Resultados 25

2.6. Conclusiones
Conclusións 33

**3.** Anexo documental: catálogo de habitaciones
Anexo documental: catálogo de cuartos 37

**4.** Anexo documental: gráficos
Anexo documental: gráficos 81

**5.** Epílogo
Epílogo 89

**6.** Bibliografía
Bibliografía 91

**Notas**
Notas 93


Scanned with CamScanner

# TERAPIA HABITACIÓN DE HOSPITAL

O ingreso hospitalario acostuma ser unha experiencia perturbadora. Á preocupante situación da enfermidade únese a estancia nun lugar descoñecido, aséptico, que te sitúa na realidade da enfermidade. A habitación de hospital acostuma ser un lugar clínico, impersoal, no que o noso corpo e a nosa mente non encontran o abrigo do espazo coñecido e propio.

Non podemos modificar a realidade da enfermidade, pero si podemos minimizar a vivencia do espazo hospitalario.

A innovadora terapia que che propoñemos incide na túa imaxinación e no teu subconsciente: se tes a oportunidade de cambiar segundo os teus desexos a habitación de hospital, o recordo que terás do teu paso polo hospital será o de ter permanecido na habitación modificada nunha maqueta.

## GAMA DE CORES



R1 R2 R3 L1 C1 A1 A2 V1

Scanned with CamScanner

# TERAPIA HABITACIÓN DE HOSPITAL ESPECÍFICA PARA LACTANTES

A *Terapia Habitación de Hospital* adaptada á area de lactantes pode ser de gran utilidade para a vivencia do ingreso hospitalario do voso bebé.

## A IDEA É A SEGUINTE:

Deseñar a configuración da habitación do hospital para xerar a proximidade tan necesaria entre nai, pai, e fillo. O neno precisa sentir o amor que transmite a vosa presenza, e esta pode ser potenciada coa desexada transformación da habitación, aproveitando a enerxía dun lugar agradable.

## COMO FUNCIONA?

- Recibides a maqueta da habitación do hospital na que vos atopades.
- Tedes a posibilidade de transformar a maqueta segundo os vosos desexos. Podedes cambiarlle a cor na súa totalidade: paredes, teito, chan, mobiliario (modificar a disposición do mobiliario, engadir ou retirar algún elemento), pensade en que compartides habitación con outros pacientes e familiares.
- A redución de escala permítevos a visualización da totalidade e o acceso mental. Unha vez teñades transformada a maqueta concentrádevos en vivir nela. A maqueta pasa a ser o lugar da vosa estancia no hospital.
- A terapia remata transformando o espazo da maqueta na vosa habitación ideal de hospital. No futuro cando lembredes o voso paso polo hospital a habitación que lembraredes será a creada por vos, segundo os vosos desexos e necesidades. Deste xeito minimizamos a vivencia do espazo hospitalario.

## INNOVACIÓN

Vos mesmos sodes parte activa da terapia. Sacades do interior os vosos gustos e desexos para volvelos fixar na vosa memoria.




Scanned with CamScanner

**2.2. Materiais** | Para o desenvolvemento da THH empregamos materiais totalmente pensados para os nenos e que necesariamente cumpren coas esixencias do espazo hospitalario. A gama cromática aplícase con pinturas acrílicas solubles en auga, as máis aconsellables para o uso infantil e de gran facilidade de limpeza, e a súa presentación lévase a cabo mediante unha caixa de primeiros auxilios de cores que queda á disposición das familias durante todo o proceso de aplicación.

A súa vez, as maquetas —que son desmontables para favorecer a súa intervención— están realizadas en poliestireno de alto impacto, un plástico claro e opaco moi resistente e que, pola súa capacidade de ser presentado en moitos deseños, cores e acabados, abre todo un mundo de posibilidades para o seu uso en arquitectura e decoración e emprégase habitualmente na fabricación de xoguetes.



**2.2. Materiales** ▮ Para el desarrollo de la THH se emplean materiales totalmente pensados para los niños y que necesariamente cumplen con las exigencias del espacio hospitalario. La gama cromática se aplica con pinturas acrílicas solubles en agua, las más aconsejables para el uso infantil y de gran facilidad de limpieza, y su presentación se lleva a cabo mediante un botiquín de colores que queda a disposición de las familias durante todo el proceso de aplicación.

A su vez, las maquetas —que son desmontables para favorecer su intervención— están realizadas en poliestireno de alto impacto, un plástico claro y opaco muy resistente y que, por su capacidad de ser presentado en muchos diseños, colores y acabados, abre todo un mundo de posibilidades para su uso en arquitectura y decoración y se emplea habitualmente en la fabricación de juguetes.





Scanned with CamScanner

## HABITACIÓN 128

## Título: La habitación del árbol

THH aplicada a 1 familia.

### SENSACIONES

- Menos mal que vinisteis: no dejábamos de preguntarnos por qué el único toque de color en la habitación era tan azul hospital.

- ¿Cómo puede haber solo un sillón por paciente? Cuando ingresaron a mi niña, yo necesitaba a mi marido a mi lado.

- ¿Por qué son las cunas de metal? Son frías, duras... Solo ver a un niño ahí, como encarcelado, ya te hace llorar.

- Queremos una foto con nuestra maqueta: ¡no puede faltar en nuestro álbum!



### CUARTO 128

Título: O cuarto da árbore

THH aplicada a 1 familia

ENTREVISTA

▪ Cor favorita: Azul mar ▪ Cor da felicidade: Azul mar (faime sentir ben) ▪ Cor da saúde: Vermello ▪ Cor do dormitorio da infancia: Branco ▪ Cor do cuarto de voso/a fillo/a: Mandarina, Azul e Verde ▪ Cor do que che gustaría que fose a vivencia no espazo hospitalario: contrario ao Negro

INTERVENCIÓN NA MAQUETA

Espazo: ▪ Paredes: 2 en Verde V2 e 2 en Amarelo M2 ▪ Chan cuadriculado en cor Branca B1 e Azul A3 ▪ Debuxo dunha grande árbore nunha das paredes verdes. Molduras cor Beige C1.

Mobiliario: manteñen dúas unidades de mobiliario (cuarto dobre) e engaden unha cadeira de brazos máis por paciente ▪ Armario: estrutura en Verde V2 e portas en cor Beige C1 ▪ Berce: 1 con estrutura en Vermello L1 e colcha Amarela. 1 con estrutura en Azul A2 e colcha Fucsia ▪ Cadeiras de brazos: 1 en Verde V1, 1 en Verde V3, 1 en Azul A2 e 1 en Laranxa L1 ▪ Mesiña: 1 en Amarelo A2 e Laranxa L1 e 1 en Amarelo A2 e Verde V3 ▪ Cambiador: non ten (é un cuarto de illamento) ▪ Elementos engadidos: Cortina Branca, colcha Rosa Fucsia e colcha Amarela coas súas respectivas almofadas nos berces e mantas Verde, Laranxa, Amarela e Rosa Fucsia coas súas respectivas almofadas para as cadeiras de brazos ▪ Colocación do mobiliario: unidades de mobiliario independentes, paralelas ás paredes laterais (mantendo a colocación real)

SENSACIÓNS

▪ Menos mal que viñestes: non deixabamos de preguntarnos por que o único toque de cor no cuarto era tan azul hospital ▪ Como pode haber só unha cadeira de brazos por paciente? Cando ingresaron a miña nena, eu necesitaba o meu marido ao meu lado ▪ Por que son os berces de metal? Son fríos, duros... Só ver un neno aí como encarcerado, xa te fai chorar ▪ Queremos unha foto coa nosa maqueta: non pode faltar no noso álbum!



Scanned with CamScanner





Scanned with CamScanner